

NOTA INFORMATIVA AXENDA

Xoves 27

10.00 h.

No Teatro Principal, presentación dos relatos finalistas no concurso *Tíralle da Lingua*, organizado pola Asociación Socio-Pedagóxica Galega, AS-PG e o Departamento de Normalización Lingüística do Concello.

11.30 h.

Na Casa do Concello **ROLDA DE PRENSA** do alcalde de Santiago de Compostela, Xosé A. Sánchez Bugallo, sobre asuntos de carácter local.

12.00 h.

No Salón Verde da Casa do Concello, **ROLDA DE PRENSA** do concelleiro de cultura, Néstor Rego; o Director Xeral de Creación e Difusión Cultural, Xosé Luis Bará; o Director Xeral de Xuventude e Solidariedade, Rubén Cela e o presidente da Federación Galega de Bandas de Música Populares, Emilio Vázquez, para presentar o concerto inaugural da Banda da Federación Galega de Bandas de Música Populares que se celebrará o vindeiro sábado, 29 no Auditorio de Galicia ás 21.00 horas. Na rolda tamén estarán Carlos Seráns, director da Banda da Federación e Lucía Carreira, presidenta da Asociación Cultural-Musical Solfa que, xunto coa Federación, organiza o concerto.

13.30 h.

No Salón Olivo do Araganey (R/ Alfredo Brañas, 5), **ROLDA DE PRENSA-almorzo** do director de Air Berlin para España, Álvaro Middelman, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, e o concelleiro de Turismo, Francisco Candela.

17.30 h.

No Salón de Actos da Consellería de Vivenda e Solo (Área Central – Polígono Fontiñas), o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asina coa conselleira de Vivenda, Teresa Táboas, un convenio entre o Ministerio de Vivenda, a Consellería de Vivenda e Solo e o Concello de Santiago, no ámbito da Comisión Bilateral de Seguimento do Plan Vivenda 2005-2008, onde quedará determinado o financiamento específico correspondente ás Áreas de Rehabilitación.

18.00 h.

Na Casa do Concello, Xunta Xeral da Empresa Municipal da Vivenda e Solo de Santiago de Compostela S.A. (EMUVISSA).

18.10 h.

Na Casa do Concello, Xunta Xeral da sociedade municipal INCOLSA (Información e Comunicación Local S.A.).

18.20 h.

Na Casa do Concello, Xunta xeral de TUSSA.

18.30 h.

Pleno ordinario

Na Casa do Concello, sesión ordinaria do Pleno da Corporación coa seguinte orde do día:

- 1.- Aprobación, se procede, de acta de sesión anterior.
- 2.- Aprobación inicial do Regulamento do Consello municipal de migracións.
- 3.- Proposta de participación na Fundación Galicia Emigración.
- 4.- Expediente de modificación de crédito.
- 5.- Aprobación inicial da modificación da ordeanza de tráfico e seguridade cidadá.
- 6.- Designación de representantes no Consello Municipal de persoas maiores.
- 7.- Dar conta de resolucións da alcaldía e da xunta de goberno local.
- 8.- Toma en consideración das mocións presentadas polos grupos municipais.
- 9.- Rogos e preguntas.

20.30 h.

Teatro

Na Sala Yago, **La Naturaleza del animal**, de Marcelo Marán

21.00 h.

No Hotel Los Abetos, o alcalde compostelán, Xosé A. Sánchez Bugallo, asiste á festa organizada pola Asociación de Empresarios de Hostelería de Santiago de Compostela e Comarca.

21.00 h.

Real Filharmonía de Galicia

No Auditorio de Galicia, **CONCERTO DE ABONO** da Real Filharmonía de Galicia. Maximino Zumalave, director; Elizabeth Leonskaja, piano. [Beethoven, Berlioz, Strauss]

Axenda cultural

Pódese consultar a axenda cultural en: www.compostelacultura.org

Santiago de Compostela, 26 de abril de 2006